

ANUNCIO

DON JOSÉ LUIS PAJÓN CAMBA, ALCALDE-PRESIDENTE DEL CONCELLO DE OUROL, PROVINCIA DE LUGO

FAI SABER:

En vista das modificacións normativas existentes, das novas que se están publicando estes días en varios medios de comunicación e dadas as consultas veciñais recibidas ; desde o Concello de Ourol considerouse necesario remitir aos nosos veciños un breve resumo onde se identifican as obrigas que recolle a normativa autonómica vixente en materia de xestión de biomasa e repoboacións forestais; tentando deste xeito aclarar na medida do posible as dúbidas existentes, e **recordando** á cidadanía que debe cumplir ditas obrigas dado que se trata de **normativa autonómica vixente de obrigado cumprimento**, e que de non atender a ditas obrigas poden enfrentarse a **requerimentos** de actuación que poden levar aparellado **execucións subsidiarias e sancións**.

Polo tanto,

INFORMA

A Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 245, de xoves 28 de decembro de 2017) ven de modificar a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA DE XESTIÓN DE BIOMASA FORESTAL OU PREVENCIÓN DE INCENDIOS

Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

ESPECIES A EFECTOS DA XESTIÓN DA BIOMASA FORESTAL

Compre sinalar que esta Lei 3/2007 sinala na súa disposición adicional terceira as seguintes especies a efectos da xestión da biomasa forestal e da ordenación das repoboacións forestais:

ESPECIE	NOME COMÚN
<i>Pinus pinaster</i>	Piñeiro galego, piñeiro do país
<i>Pinus sylvestris</i>	Piñeiro silvestre
<i>Pinus radiata</i>	Piñeiro de Monterrei
<i>Pseudotsuga menziesii</i>	Piñeiro de Oregón
<i>Acacia dealbata</i>	Mimosa
<i>Acacia melanoxylum</i>	Acacia negra
<i>Eucaliptus spp</i>	Eucalipto
<i>Calluna vulgaris</i>	Queiruga
<i>Chamaespartium tridentatum</i>	Carqueixa
<i>Cytisus spp</i>	Xesta
<i>Erica spp</i>	Uz
<i>Genista spp</i>	Xesta, piorno
<i>Pteridium aquilinum</i>	Fento
<i>Rubus spp</i>	Silva
<i>Ulex europaeus</i>	Toxo

OBRIGAS QUE RECOLLE A LEI 3/2007, DE INCENDIOS

A vixente Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Lei 3/2007) recolle unha serie de obrigas en materia de xestión de biomasa e prevención de incendios, entre elas figuran as seguintes:

1.- É obligatorio xestionar a biomasa e realizar a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 (como son o eucalipto, piñeiro, acacia, etc..), no ámbito das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, nunha **franxa de 50 metros** (art. 21 da Lei 3/2007):

- Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable
- Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, címpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do montes
- Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 m do monte.

2.- É obligatorio xestionar a biomasa e realizar a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 (como son o eucalipto, piñeiro, acacia, etc..), **nunha franxa perimetral de 50 metros** arredor de novas instalación destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras, forestais e as vivendas vinculadas a estas (art. 23 da Lei 3/2007).

3.- É obligatorio xestionar a biomasa e realizar a retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 (como son o eucalipto, piñeiro, acacia, etc..), ao longo da rede de autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e **estradas convencionais**, nos terreos incluidos na zona de dominio público (redes primarias art. 20 bis da Lei 3/2007).

4.- É obligatorio xestionar a biomasa na totalidade da superficie das infraestruturas de uso público ou áreas recreativas, así como nunha franxa perimetral de 50 metros (redes terciarias art. 21 bis da Lei 3/2007).

PERSOAS RESPONSABLES DA XESTIÓN DE BIOMASA (según a referida Lei 3/2007)

Con carácter xeral, entenderase por persoas responsables:

.- Nos supostos sinalados nos artigos 21 e 21 bis da Lei 3/2007 (redes secundarias e terciarias), as persoas físicas ou xurídicas titulares do aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal en que teñan os seus dereitos .

.- Nos supostos sinalados no artigo 20 bis (redes primarias) e de ser o caso, a letra b) do artigo 21 bis (redes terciarias), as administracións públicas, as entidades ou as sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión, ou cedida esta en virtude dalgunha das modalidades previstas legalmente, das vías de comunicación, liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, liñas de gas e estacións de telecomunicacións.

PRAZO PARA REALIZACIÓN DE XESTIÓN DE BIOMASA

As persoas responsables procederán á xestión da biomasa, incluída de ser o caso, a retirada das especies árboreas, **antes de que remate o mes de maio de cada ano.**

En caso de incumprimento, a administración pública competente, iniciará un procedemento enviando á persoa responsable unha comunicación na que se lle indica a obriga de xestión de biomasa e dando un prazo máximo de 15 días naturais ou de 3 meses no caso de faixas laterais de vías de comunicación.

Se a persoa responsable non atende a dita comunicación e persiste o incumprimento transcorrido dito prazo, poderá procederse á **execución subsidiaria con repercusión dos custos** de xestión de biomasa e sen prexuizo da instrucción do **procedemento sancionador** que corresponda.

CONSECUENCIAS DA NON REALIZACIÓN DA XESTIÓN DA BIOMASA

- Se a persoa responsable non atende as comunicación recibidas e persiste o incumprimento, pode procederse á **execución subsidiaria con repercusión de custos**
- O incumprimento da obriga ou do procedemento, por parte da persoa responsable, da xestión da biomasa nas redes de faixas de xestión, está considerado como **infracción**, polo que pode levar aparellado unha **sanción**.

NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA DE REPOBOACIÓN FORESTAIAS E MONTES

Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

OBRIGAS QUE RECOLLE A LEI 7/2012, DE MONTES DE GALICIA

As obrigas que recolle a vixente Lei de montes de Galicia (Lei 7/2012) son entre outras as seguintes:

1.- Obriga de retirada das repoboacións forestais ilegais, cando a repoboación se tivese efectuado en solos en que estea prohibido, con especies prohibidas ou incumprindo as condicións que regula o artigo 67 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, ou cando a repoboación se tivese efectuado sen cumplir a exixencia de autorización do artigo 67.5 (sempre que a repoboación non sexa autorizable, consonte ao artigo 67 bis daquela).

2.- Obriga de adecuación das masas arboradas e das novas plantacións ás distancias mínimas establecidas polo anexo II da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

CONDICIÓNIS QUE DEBEN CUMPRIR AS REPOBOACIÓNIS FORESTAIAS SEGÚN A LEI DE MONTES DE GALICIA

No artigo 67 desta Lei 7/2012, fíxanse as condicións que deben cumplir as repoboacións forestais; sinalando que quedan expresamente prohibidas as repoboacións forestais en solo urbano, solo de núcleo rural, solo urbanizable delimitado e solo rústico de especial protección agropecuaria.

Hai que indicar que segúن se manifesta no artigo 67 bis de dita lei, cando exista unha repoboación ilegal a Administración Forestal poderá realizar directamente a execución subsidiaria e retirada da plantación, logo da comunicación dun requerimento previo á persoa titular do dereito de aproveitamento.

ESPECIES FRONDOSAS RECOLLIDAS NO ANEXO I DA LEI DE MONTES

No anexo I da Lei 7/2012 faise referencia ás seguintes especies de frondosas:

- **Frondosas:** ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, freixa, castiñeiro, castiñeiro híbrido, cerdeira, carballo, cerquiño, sobreira, carballo albar, aciñeira, abeleira, faia, umeiro, Loureiro, sorbeira do monte, capudre, nogueira e érbedo.

DISTANCIAS DAS REPOBOACIÓNIS FORESTAIAS

As repoboacións forestais deberán gardar as seguintes distancias mínimas sinaladas no anexo II da Lei 7/2012:

a) Con parcelas forestais	2 metros
b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria	10 metros 4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I
d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril	10 metros 4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I
e) Con pistas forestais principais	4 metros en xeral 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I
f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica	5 metros para todas as especies
g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho	15 metros 5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I
h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalación industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural	50 metros 15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I
i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable	
j) Con címpings, gasolineiras e industrias ou instalación preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte ao establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento	50 metros 25 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I

En caso de incumprimento do réxime de distancias mínimas a administración pública competente, poderá levar a cabo a execución subsidiaria (retirada da plantación) á custa do obrigado e asimesmo poderá acordarse incoación de procedemento sancionador.

Adxúntase copia do díptico sobre distancias de plantación e mantemento de biomasa remitido pola Xunta de Galicia.

Prégase a colaboración de todas as persoas responsables para executar a xestión da biomasa vexetal no noso concello, cumprindo así coas obrigas que recolle a Lei 3/2007 (do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia) como medida fundamental de prevención de incendios que poñen en risco a integridade física das persoas e deterioran a nosa riqueza agroforestal e ambiental. Recordando así mesmo, que se trata de cuestiós de obrigado cumprimento **fixadas por unha lei autonómica en vigor**.

Ouro, 9 de maio de 2018

O Alcalde-Presidente



DISTANCIAS ENTRE PLANTACIÓNS DE EUCAZIPROS, PIÑEIROS OU ACACIAS E:

CÁMPINGS, GASOLINERAS
E INDUSTRIAS OU
INSTALACIÓN DE
ACTIVIDADES PERIGOSAS

50 m

2.5 metros para especies
frondosas caducifolias

TERREOS SITUADOS EN
SOLO RÚSTICO EN
ESPECIAL PROTECCIÓN
AGROPECUARIA



PARCELAS FORESTAIAS



50 m

XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL

Débese manter limpia de biomasa vexetal
franka de 50 metros desde:

- Solo urbano, núcleo rural e solo urbanizable
- Edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámplings, gasolineras e parques e instalacións industriais
- Construcións illadas en solo rústico

Nesta franxa tampouco poderá haber piñeiros,
eucaliptos nin acacias

ZONAS DE LABRADIO, CULTIVO,
PRADO OU PASTOS SEN
ESPECIAL PROTECCIÓN
AGROPECUARIA

4 metros para as especies
frondosas caducifolias

ESTRADAS E VÍAS DE
FERROCARRIL

4 metros para as especies
frondosas caducifolias

PISTAS FORESTAIAS PRINCIPAIAS

6 metros nos concellos declarados
zonas de alto risco
2 metros para as especies frondosas
caducifolias

INFRAESTRUTURAS
ELÉCTRICAS



15 m

CANLEAS FLUVIAIS DE MAIS
DE DOIS METROS DE ANCHO

5 metros para as especies
frondosas caducifolias



CALEAS SON AS ESPECIES FRONDOSAS CADUCIFOLIAS

Estas especies venén recollidas no Anexo I da lei 7/12
de montes de Galicia.

O ameneiro, pradairo, bideiro, freixo, freixa,
castiñero, castiñeiro híbrido, cerdeira, carballo,
cerquiño, sobreira, carballo albar, acineira, abeleira,
faia, ameiro, loureiro, sorbeira do monte, capudre,
nogueira e érbedo.



SOLO URBANO NÚCLEO RURAL, SOLO
URBANIZABLE E EDIFICACIONS OU VIVENDAS
ILLADAS, URBANIZACIONES, DEPÓSITOS DE
LIXO, PARQUES E INSTALACIONES INDUSTRIALIS

15 metros para especies frondosas caducifolias